

O Concello de Rianxo celebra o Día das Letras Galegas 2020, en que se homenaxea a Don Ricardo Carvalho Calero, escritor en diversos xéneros (poesía, teatro, novela e ensaio) e primeiro profesor e catedrático de Lingua e Literatura galegas na Universidade de Santiago de Compostela.

Nado en Ferrol no ano 1910, estudou Dereito en Santiago de Compostela e Filosofía e Letras por libre. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos e el mesmo se recoñecía discípulo do noso Castelao, así como do resto dos autores da Xeración Nós (Otero, Cuevillas, Risco...). Participou na fundación do Partido Galeguista en 1931 e na redacción do Estatuto de Autonomía para Galicia (1931-1932). O alzamento militar do 36 sorpréndeo en Madrid opositando para a cátedra de profesor de Lingua e Literatura españolas no ensino e medio. Desde ese momento incorpórase á loita como miliciano e ao rematar a guerra é aprisionado e condenado a morte. No ano 41 logra a liberdade condicional, mais impídenlle exercer cargos públicos. Durante a posguerra traballa no ensino privado. Nos anos 50 comprométese coa revitalización da cultura galega colaborando coa Editorial Galaxia, coa revista Grial e co xornal La Noche, onde se consagra como o principal estudoso das letras galegas. Foi membro da Real Academia Galega e o seu labor como catedrático na universidade compostelá complementouno coa autoría de obras fundamentais do ámbito filolóxico, como foron a Historia da literatura galega contemporánea e a Gramática elemental del gallego común.

Como a situación excepcional en que nos atopamos non permite que se organicen actos públicos de homenaxe, o Concello de Rianxo pretende, a través desta publicación, achegar algún material que sirva para que, quen así o desexe, afonde un chisco no coñecemento do escritor ferrolán. Deste xeito descubrirán o importante patrimonio cultural que nos legou ás galegas e galegos. Cos seus estudos sobre lingüística e literatura abriulle o camiño da modernidade á nosa lingua, a súa poesía influíu considerablemente nos autores e nas autoras de xeracións posteriores e a súa defensa da normativa reintegracionista para o galego, debate moi vivo na actualidade, seguramente foi o que provocou que a súa homenaxe polo Día das Letras fose inxustamente demorándose até este ano 2020, trinta despois do seu falecemento en Santiago de Compostela.




Asociación Socio-Pedagóxica Galega




Centro Virtual Cervantes (detalle)

Ligazóns sobre Ricardo Carvalho Calero:

- [Carvalho Calero en lingua.gal](http://CarvalhoCalero.en.lingua.gal)
- [Obra dispoñible nos fondos na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia](#)
- [Obras dixitalizadas dispoñibles para préstamo na Biblioteca dixital da Deputación da Coruña](#)



Mancho Rama (Fondo do Consello da Cultura Galega)



Mancho Rama (Fondo do Consello da Cultura Galega)

ABISAG

Vello era o rei. Morria de friage
por moito que de tenra lá o cobrían.
Dixeron os seus servos, coidadosos:

– Busquemos unha virgenciña nova
que o agarime e o abrigue, e no seu leito
durma, e o aqueza a súa carne quente.

Todas as terras de Israel correron.
En Sunam de Isacar rapaza acharon
docemente formosa. Era o seu nome
Abisag. E levaron-lla a David.

Para o rei pasara o roxo tempo
de Betsabé; ja a carne se durmira
para en jamais; só acougo era-lle o leito.
Non desflorou a flor da nena aquela.

Vieiros (1931, 2ª ed 1980))


I estás alí -coma un cadelo triste
cabo da cova do seu amo, os ollos
anubiados, bagoentos -cabo
da tomba do teu mestre. Qué valeiro
o machado da morte, a o derrubar
o petrucial carballo na devesa,
na devesa leixóu, leixóu en ti.
Sabes que xa só o po garda isa cova,
e nisa mar de cinzas cuio fondo
non acertas a ver, os ollos ancras
Tes medo ao vento que a túa ialma embrulla,
agora que a segura man do leme
ceibóu, e paira a barca sen goberno.

...

Salterio de Fingoy (1961)

Ligazóns sobre Ricardo Carvalho Calero:

- Vídeos:
 - Entrevista na Trabe de Ouro, programa da TVG
 - Opinións sobre o porvir da lingua galega
- Música:
 - *Pido Talvez*, Marful 1
 - *Teño unha dor*, 2na Fronteira2



Crim ser sempre um home de letras, oficialmente um jurista com umha vocaçom mais bem secreta de escritor, e se em frio me dixeran que havia de defrontar com bom sucesso umha aventura como a que corrim, movendo-me em Portugal, onde muitos refugiados eram devoltos à fronteira, com a suficiente serenidade para esguelhar os mil perigos que me ameaçavam, nom o creia. Perante tantas dificultades, nom seria preferível render-me e aceitar o cárcere ou a morte? E sem embargo, havia em mim, há em mim forças que me sustivérom, forças que me permitiron, movendo-me numha semi-clandestinidade, procurando as pessoas que me foram indicadas, sortear as armadilhas do destino adverso e sair de Portugal embarcado para estar agora, por fim, en Valência.

Nunca saberei bem em que medida as pessoas me facilitaram o trãnsito eram correligionários de Miguel ou até que ponto Miguel é um autêntico falangista. Tenho a impressom de que me movim principalmente num circo de traficantes sem ideología mascarados muitas vezes de agentes públicos ou secretos do governo ou da oposiçom, que jogam com muitos baralhos e chegam a confundir-se eles mesmos no que di respeito às suas últimas lealdades ou cobiças. Se saio com bem desta guerra, hei escrever as minhas aventuras em Portugal, que sem dúvida som mais interessantes que o romance sobre Scórpio que outrora projectei e do qual algunhas notas e poucas páginas ficaram esquecidas ou abandonadas em Ourense?.

Capitulo XXXIX. Salgueiro, Segunda parte de *Scórpio*

Ligazóns sobre Ricardo Carvalho Calero:

- Música: - *Se non te esquezo nunca*, Manuele de Felisa
- *Maria Silêncio, A minha embala*

E para quen queira afondar aínda máis na figura de Ricardo Carvalho Calero:

- Selección de material dispoñible en Aulas Galegas Especial Letras

CASTELAO E A SÚA LÍNGUA

Por RICARDO CARBALLO CALERO

Un carto de século pode ser tempo dabondo para situar na necesaria perspectiva unha figura inmovilizada pola morte. ¿Inmovilizada? Dálle, Señor, o repouso eterno. Esta piadosa depreciación non é atendida amiude polo seu alto destinatario cando o home desaparecido foi un home de excepción, un home de vida pública intensa, que teña suscitado ao seu redor adhesións entusiastas ou discusións agudas. Aínda vivo na lembranza, a súa conmemoración pode ser un intento de comprendelo tal como foi, afastando agora —superando o nivel a rentes do chan, se cadra inevitábel cando andaba antre nós— o irrelevante do significativo. Ésta será fidelidade á súa memoria. O herói repousa sobor dos seus loureiros definitivos, e se o resustamos é para fixar a súa historia, para interpretar a vida que viviu. Mais esta piedade pode ser substituída pola profanación. Hai quen non acha na morte dimensión de sacralidade. Asistimos entón ao macabro espeitago dun morto disfrazado de vivo, dun morto violentamente sustraído á augusta serenidade da paz que coroou a súa guerra, e sacrilegamente utilizado como arma —lanza, escudo, bomba, refuxio— nas nosas propias guerras. Un home reificado, un home cousificado, un home que queremos que sexa como nós somos, e non como el quixo ser.

Castelao non é de ninguén. Nin xiquera de Galicia. Galicia non pode ser unha desas entidades suprapersonáis perante a ara de quen temos visto nestes tempos o sacrificio cruento de tantos escravos, xa nados na escravitude, xa caídos nela como prisioneiros de guerra. A alma é de cada un, e o amor non a allea, pois o amor é libre comunión, e non obscena absorción

ESQUEMA ARGUMENTAL DE “OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE“

Por RICARDO CARBALLO CALERO

A traxicomedia *Os vellos non deben de namorarse*, peza de literatura culta, non pode poseer un esquematismo tan acusado como un texto tradicional, ou unha obra pertencente a un xénero infraliterario, por máis que tal obra —a suposta— apareza como composta por un autor individual. A literatura popular —o conto tradicional, a novela folletinesca, rosa ou policiaca— artéllase mediante estereotipos que lle imprimen un carácter arquetípico, e isto permite construír con facilidade o modelo estrutural do que o espécimen é realización. A literatura de intención artística persoal rompe aqueles moldes, e, non sendo unha proxección do inconsciente colectivo, preséntase máis rebelde a unha descripción do patrón inmanente que existe en todo produto cultural, pero non esclavo de trazados fixos cando o produtor se move con independencia relativa no seu labor de creación poética.

Endebén, a peza de Castelao, mais que non sexa unha obra de orixe popular, utiliza elementos da arte popular, imita conscientemente os procedimentos da arte popular. Desde logo, non é unha obra inxenua, senón sentimental; pero asemade é inxenuista, e tal inxenuismo, anque se opón á inxenuidade folklórica, permite unha análise que moitas veces nos autoriza a reconstruír ou revelar un deseño orgánico esencial caracterizado por simetrías e paralelismos semellantes aos que constitúen a armazón da arte popular.

A peza consta de tres lances, que son ou pretenden ser versións distintas do mesmo drama. Os persoaxes, logo, deberán funcionar análogamente en todos os lances. Para servir á de-